

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

EXTRACTO da Orde do 15 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras do certame Cooperativismo no ensino, dirixido ao alumnado dos centros educativos de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2018.

BDNS (identif.): 381160.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 11 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans>).

Primeiro. *Beneficiarios*

Poden participar no certame os centros educativos de educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria, educación especial, formación profesional e de ensinanzas de réxime especial de Galicia.

Segundo. *Obxecto e finalidade*

O certame ten por obxecto difundir e promover o cooperativismo entre o alumnado dos centros de educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria, educación especial, formación profesional e de ensinanzas de réxime especial de Galicia, impulsando a realización de actividades de fomento do cooperativismo nos centros educativos.

Poden presentarse traballos nas seguintes modalidades:

a) Actividades artísticas, tales como debuxos, pinturas, maquetas, fotografías e/ou vídeos, dirixida ao alumnado dos centros de educación infantil, primaria e educación especial.

b) Actividades cooperativizadas, dirixida ao alumnado dos centros de educación secundaria obrigatoria e educación especial.



c) Proxectos empresariais cooperativos, dirixida ao alumnado dos centros de formación profesional e de ensinanzas de réxime especial.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Orde do 15 de decembro de 2017, pola que se establecen as bases reguladoras do certame Cooperativismo no ensino, dirixido ao alumnado dos centros educativos de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2018 (<http://www.emprego.ccei.xunta.gal>).

Cuarto. *Contía*

O orzamento total ascende a vinte e oito mil euros (28.000,00 €).

Na modalidade de actividades artísticas concederanse un total de catro premios ao mellor traballo e catro accésits, por un importe de dous mil cincocentos euros (2.500,00 €) e mil cincocentos euros (1.500,00 €), respectivamente.

Na modalidade de actividades cooperativizadas concederanse un total dun premio ao mellor traballo e dun accésit, por un importe de dous mil cincocentos euros (2.500,00 €) e mil cincocentos euros (1.500,00 €), respectivamente.

Na modalidade de proxectos empresariais cooperativos concederase un premio ao mellor proxecto e un premio ao proxecto finalista, por un importe de catro mil cincocentos euros (4.500,00 €) e tres mil cincocentos euros (3.500,00 €), respectivamente.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación das solicitudes e dos traballos remata o 30 de abril de 2018. Non obstante, se o período de presentación resultase inferior a un mes, as solicitudes e os traballos poderán presentarse no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación da orde de convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Sexto. *Outros datos*

Os importes dos premios correspondentes ás modalidades de actividades artísticas e de actividades cooperativizadas serán aboados aos centros de ensino, que deberán destinalos



á adquisición de material didáctico, audiovisual, informático ou deportivo, ou á realización dunha actividade formativa, deportiva ou cultural dirixida ao alumnado do centro.

Os importes dos premios correspondentes á modalidade de proxectos empresariais cooperativos serán aboados ás persoas autoras do proxecto.

Santiago de Compostela, 15 de decembro de 2017

Francisco José Conde López
Conselleiro de Economía, Emprego e Industria

